



Addenda ao Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade

Santiago de Compostela, quince de setembro de dous mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

E doutra don-----, director xerente da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, en nome e representación dela, e facultado para este acto mediante o poder outorgado ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña D.-----, con data 6 de outubro de 2015, e número de protocolo 3788.



Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que o quince de setembro de dous mil dezaseis asinouse un Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade, co obxecto da impartición de ensinanzas de formación profesional inicial correspondentes ao ciclo formativo de grao superior Radioterapia e Dosimetría nas instalacións da referida fundación.

2. Que a cláusula cuarta do referido convenio establece que a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no anexo III A) do Real decreto 772/2014, do 12 de setembro polo que se establece o título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, e que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2016-2017 e que se repartirán do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2016 e 21.000 euros para o ano 2017, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. O dito importe transferirase ao CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

3. Que para dar continuidade a estas ensinanzas faise preciso ante o novo curso escolar 2017-2018, solicitar a ampliación do convenio. Por iso, as partes que interveñen acordan asinar unha addenda, ao citado convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas.



Por todo isto, estas institucións están dispostas a colaborar de forma conxunta, para continuar coa oferta de ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O estipulado na cláusula cuarta do referido convenio, quedará redactado da seguinte forma:

A Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no anexo III A) do Real decreto 772/2014, do 12 de setembro polo que se establece o título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría e se fixan as súas ensinanzas mínimas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, e que se estiman nun importe máximo de 36.000 euros para o curso 2017-2018 e que se repartirán do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2017 e 21.000 euros para o ano 2018, con cargo ao concepto orzamentario 10.60.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. O dito importe transferirase ao CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Segunda. A través desta addenda prorrogase a vixencia do convenio durante o curso escolar 2017/2018.

Terceira. De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, o alumnado e a



fundación que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Cuarta. A firma desta addenda suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos a esta addenda de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Quinta. A presente addenda posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que a mesma versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman a presente addenda por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González

O director xerente da Fundación Centro
Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga
y Piñeyro
